

Bolsas en oficinas de información turística 2010. Consellería de Cultura e Turismo

CONTIDO:

Convocatoria de 56 bolsas de formación especializada en relación coa promoción turística, mediante a realización de prácticas tuteladas nas oficinas de información turística das localidades que se citan nas bases da convocatoria.

Os/as interesados/as escollerán como destino unha soa provincia adxudicándose despois, nunha reunión que se convocará para o efecto na Secretaría Xeral para o Turismo, a oficina concreta dentro desa provincia, segundo a elección dos propios solicitantes, por orde da puntuación acadada. A dotación económica de cada bolsa será de 900 euros brutos mensuais. Cada bolsa comprenderá, ademais, un seguro individual de accidentes.

A avaliación das solicitudes levarase a cabo por unha comisión que terá en conta os seguintes criterios: formación, titulación, cursos, investigación, idiomas, informática, experiencia práctica e proba de coñecementos turísticos.

REQUISITOS:

- Técnicos superiores en información e comercialización turísticas, técnicos superiores en axencias de viaxes, técnicos especialistas de secretariado bilingüe, diplomados ou licenciados en turismo e licenciados universitarios da rama de humanidades
- Estas titulación deben estar finalizadas nos 3 anos inmediatamente anteriores ao momento do remate do prazo de presentación das solicitudes
- Nivel de iniciación á lingua galega
- En ningún caso poderán ser beneficiarios desta bolsa aqueles solicitantes que foran adxudicatarios desta en dúas edicións anteriores
- Os solicitantes non poderán ser perceptores de soldos ou salarios ou outros ingresos que impliquen vinculación contractual ou estatutaria
- A condición de bolseiro/a en virtude da presente orde non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral nin contractual e tampouco dará lugar a súa inclusión na Seguridade Social nin por parte da Administración Autónoma nin Local implicadas.
- Os solicitantes non estarán incursos en ningún dos supostos de prohibición para obter subvencións do artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia

PRAZO: 1 mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG. Ata o 26 de febreiro

MÁIS INFORMACIÓN: DOG 26/01/2010